

INFORME DE OPTIMIZACIÓN DO BANCO DE TEMPO



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE invista no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade





Informe de Optimización

Banco de Tempo Municipal (2008-2011)

- Xunta de Galicia: Secretaría Xeral de Igualdade
- Fondo Social Europeo
- Concello de Monforte de Lemos
- Banco de Tempo de Monforte de Lemos


ÍNDICE

O tempo corre! Sácalle xugo : Banco de Tempo Monforte de Lemos

1.- INTRODUCCIÓN	4
1.1.- Obxectivos	5
1.2.- Metodoloxía para a optimización	5
2.- EVOLUCIÓN E FUNCIONAMENTO INTERNO DO BANCO DE TEMPO.....	6
2.1.- O pasado e o presente do Banco de Tempo municipal	6
2.2.- O funcionamento interno do Banco de Tempo: a labor de coordinación, apoio e asesoramento	7
A metodoloxía das altas no Banco de Tempo	8
Sistema de recollida de datos	9
A metodoloxía dos intercambios de tempo	10
Ferramentas de difusión	11
2.3.- As socias e socios do Banco de Tempo	12
2.4.- O actual catálogo de servizos ofertados e demandados	13
2.5.- A evolución dos intercambios realizados	14
3.- VALORACIÓN XERAL DO BANCO DE TEMPO: AS CONCLUSIÓNS DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL	20
3.1.- A valoración do persoal técnico e das socias/os	20
3.2.- A enquisa de satisfacción	25
3.3.- Resumo das conclusións recollidas: Fortalezas e Debilidades	27
4.- PROPOSTAS DE MELLORA: A OPTIMIZACIÓN DO BANCO DE TEMPO ...	28

1. Introducción

O Banco de Tempo é un sistema de intercambio de servizos e actividades, sen carácter lucrativo, onde a unidade de intercambio e de valor é sempre a mesma para todas as persoas inscritas nel: o Tempo. Este sistema ten a vantaxe de fomentar as relacións sociais, de favorecer a cooperación e a solidariedade dende unha perspectiva comunitaria, co propósito de mellorar a calidade de vida das persoas e crear redes informais de confianza entre os/as veciños/as.



4

A chegada desta figura a Galicia supuxo que moitos concellos experimentaran con esta ferramenta municipal para tratar de favorecer a conciliación familiar e laboral da poboación local. Co paso do tempo, sen embargo, foron tamén moitas as experiencias que non tiveron a continuidade esperada, polo que na actualidade o número de concellos que manteñen activo e en funcionamento o seu Banco de Tempo resulta bastante limitado, ben debido á falta de participación cidadá, ou ben debido á falta dunha correcta planificación de desenvolvemento.

Neste contexto, o Concello de Monforte de Lemos non só foi un dos lugares pioneiros na posta en marcha dun Banco de Tempo Municipal no 2008, senón que catro anos despois continúa funcionando de maneira ininterrompida grazas ao bo nivel de participación e a un considerable fluxo de intercambios. Pode afirmarse, polo tanto, que a correcta planificación e a implicación da veciñanza local son as principais armas coas que conta o Banco de Tempo de Monforte.

Chegados a este punto de desenvolvemento, e con catro anos de funcionamento ás súas costas, faise necesaria unha revisión global do seu funcionamento non só para garantir a súa continuidade no futuro, senón para optimizar e potenciar ao máximo as súas posibilidades.

Sobre a base deste razoamento, levouse a cabo este proceso analítico de diagnóstico no Concello de Monforte de Lemos, destinado a avaliar o funcionamento do Banco de Tempo durante este período, e a ofrecer novos mecanismos que optimicen e melloren o seu desenvolvemento funcional e temporal. Para acadar este fin, o Concello contou coa colaboración da empresa EDESGA (Empresa de Estudos Sociais de Galicia), grazas á subvención concedida pola Secretaría Xeral de Igualdade (Resolución do 5 de Abril de 2011) para a promoción da igualdade.

1.1. Obxectivos

O obxectivo fundamental deste informe é, pois, o de avaliar os resultados acadados durante este tempo e optimizar o futuro funcionamento do Banco de Tempo Municipal de Monforte de Lemos a través dunha análise diagnóstica que teña en conta a valoración dos propios usuarios/as.

Xunto a este gran obxectivo xeral, búscase acadar unha serie de obxectivos específicos. Estes son os seguintes:

- **Coñecer**, de maneira detallada, o **funcionamento interno do Banco de Tempo** de Monforte durante o seu tempo de vixencia: número e perfil dos/as participantes, catálogo de servizos ofertados e demandados, etc.
- Contar coa **colaboración** e o **punto de vista dos principais axentes sociais involucrados no Banco de Tempo Municipal**, recollendo tanto as principais dificultades atopadas, como as propostas e consideracións de mellora de cara ao futuro.
- **Incluír a participación social no proceso de análise** para que os propios **usuarios/as do Banco de Tempo** poidan manifestar as súas necesidades, definir as carencias atopadas e formular propostas de mellora en canto aos intercambios de tempo en forma de servizos e/ou actividades.
- Establecer **directrices e estratexias** que promovan e fagan posible a **continuidade** do Banco de Tempo e a súa **óptima evolución** no futuro.
- Continuar fomentando a **conciliación dos tempos laborais, familiares e persoais** en Monforte e o intercambio de servizos de tempo entre a súa poboación local.



1.2. Metodoloxía para a optimización

Para acadar estes obxectivos, decidiuse empregar unha metodoloxía que combinase información cuantitativa e cualitativa, partindo da participación social como premisa fundamental para avaliar e mellorar o Banco de Tempo.

Deste xeito a metodoloxía empregada consiste en:

- Recompilación de **información cuantitativa do funcionamento interno** do propio Banco de Tempo, de cara a establecer o nivel de desenvolvemento acadado durante os anos de vixencia (servizos ofertados e demandados, perfil e evolución do número de participantes...)
- Realización de **entrevistas en profundidade** tanto ao persoal técnico responsable do funcionamento do Banco de Tempo como aos propios

usuarios/as, co obxectivo de definir as fortalezas e debilidades do seu funcionamento (problemáticas, carencias e dificultades atopadas), levando a cabo unha avaliación xeral.

- Deseño e realización dun **Grupo de Debate** entre os **usuarios/as do Banco de Tempo Municipal**, de cara a definir necesidades, establecer preferencias e estruturar as posibles propostas de mellora de cara ao futuro.

O que se pretende, en definitiva, é acadar a colaboración de todas as persoas que participan no Banco de Tempo e na súa xestión (usuarios/as e persoal técnico). Un breve **cuestionario de avaliación xeral** complementará as conversacións grupais e as entrevistas individuais cos usuarios/as para saber se estanse a cumprir os obxectivos que persegue o banco e identificar o nivel de satisfacción.

A través destas técnicas búscase avaliar tamén o impacto desta ferramenta municipal na comunidade local, cal é o colectivo de persoas que mostra maior interese, o número de persoas inscritas, os tipos de intercambios máis habituais, a frecuencia coa que se realizan, o funcionamento das reunións e das actividades grupais, e a eficacia no seguimento e na xestión do banco.



2. Evolución e funcionamento interno do Banco de Tempo

2.1. O pasado e o presente do Banco de tempo Municipal



O Banco de tempo do Concello de Monforte de Lemos nace no pasado ano 2008, xestionado polo Centro de Información á Muller (CIM) dende a Concellería de Igualdade do propio municipio.

A pesar de que este é o seu inicio oficial, a andadura desta experiencia en Monforte remóntase máis atrás, xa que a idea orixinal da súa creación partiu dun grupo de mulleres -usuarias do CIM- que, de xeito informal, crearon unha rede de apoio e intercambio xa dende o ano 2007. Dita rede de intercambio informal, xurdiu inicialmente como un proxecto cun claro transfondo de xénero, onde o obxectivo primordial era que as mulleres puidesen conciliar mellor a súa vida laboral, familiar e tamén a persoal grazas aos lazos de solidariedade que se creaban entre elas.

A Concellería de Igualdade puido comprobar tanto o éxito no funcionamento desta rede de apoio, como o incremento de persoas que formaban parte da mesma, polo que se valorou a necesidade de crear e implantar un Banco de Tempo en Monforte a partir de xullo de 2008, onde se lle dera soporte e oficialidade a esta experiencia social, cunha orientación máis territorial e aberta ao conxunto da poboación.

Dende os seus inicios, a andadura do Banco de Tempo municipal pódese dividir en catro períodos diferenciados segundo a contratación do persoal responsable do seu funcionamento:



Deste xeito, o Banco de Tempo de Monforte atópase actualmente no seu cuarto período de andadura, momento xusto para deterse e analizar a súa composición e funcionamento, botar unha ollada ao pasado e sentar as bases para un bo desenvolvemento futuro.

2.2. O funcionamento interno do Banco de Tempo: a labor de coordinación, apoio e asesoramento

Como xa se comentou, o Banco de Tempo constitúe unha rede de colaboración entre particulares, onde se intercambian servizos e/ou actividades de forma recíproca e solidaria, o que permite resolver problemas ou atender as necesidades da vida cotiá dun xeito cooperativo, participativo e auto-organizado.

A participación no banco rompe co illamento e crea un novo espazo onde compartir e achegarse a outras persoas, ofrece tamén a oportunidade de confiar nos demais para resolver determinadas necesidades, favorecendo a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Por outra banda, esta iniciativa permite que se lle dea maior visibilidade e valoración ás tarefas do eido persoal, o que propicia un cambio de actitudes e conciencia no reparto e na organización do traballo doméstico, contribuíndo tamén á corresponsabilidade.

Na práctica real, constátase que os/as usuarios/as non comparten só por necesidade, senón tamén para compartir afeccións e para facer novas relacións sociais, polo que se trata dunha ferramenta que tamén favorece a integración da diversidade cultural e social e onde a participación e o intercambio xogan un papel fundamental.

En resumo pode afirmarse que con esta forma de intercambio, onde a moeda simbólica é a hora, prodúcese unha reorganización dos tempos que, por un lado, equilibra o tempo do traballo de coidado e do traballo remunerado e, por outro,

revaloriza as tarefas propias do ámbito reprodutivo, ligado tradicionalmente ás mulleres.

Polo tanto pode concluírse que o Banco de Tempo:

- Permite a **creación dun espazo solidario, cooperativo e participativo** onde compartir tempo e romper co illamento persoal.
- **Favorece a conciliación** da vida familiar, laboral e persoal.
- **Revaloriza o traballo doméstico** e as **tarefas do eido persoal**.
- Contribúe a acadar unha **corresponsabilidade real e efectiva**.
- Favorece a **integración da diversidade cultural e social**.



Ademais de identificar os beneficios que xera, é preciso coñecer cal é funcionamento interno do Banco de Tempo de Monforte de cara a detectar posibles carencias que poidan resolverse nos períodos vindeiros. En concreto, coñecer o funcionamento do Banco de Tempo pasa por analizar:

- A **metodoloxía das altas** no Banco de Tempo.
- A **metodoloxía dos intercambios** de tempo.
- O sistema empregado para a **recollida de datos**.
- As **ferramentas de difusión** empregadas durante a súa vixencia.

Ao longo deste apartado analizarase, polo tanto, a labor de coordinación, apoio e asesoramento levada a cabo polo persoal técnico do Banco de Tempo, especialmente pola axente de tempo, nestes procesos de alta, información, seguimento, consulta e difusión.

A metodoloxía das altas no Banco de Tempo

As persoas maiores de idade e empadroadas no Concello de Monforte de Lemos que queren formar parte do Banco de Tempo teñen que poñerse en contacto co/a Axente de Tempo para determinar a realización dunha entrevista persoal. Para facilitar o acceso dos potenciais usuarios/as, o banco pon á disposición da cidadanía local a contactación a través de distintas vías:

- Mediante o Blog do Banco de Tempo de Monforte de Lemos (<http://bancodetempo.blogaliza.org/>).
- A través do correo electrónico (obancodetempo@gmail.com).
- Por teléfono.
- De maneira presencial na oficina do Banco de Tempo no CIM (Centro de Información á Muller) de Monforte.

Unha vez concertada a entrevista e durante a realización da mesma, ademais da correspondente recompilación dos datos persoais (sistema de recollida de datos), o/a Axente de Tempo encárgase de explicar tódalas normas de funcionamento interno do Banco, axudando tamén a determinar os servizos que a persoa ofrece e demanda e establecendo a súa dispoñibilidade horaria e temporal.

A documentación que se emprega nesta primeira fase da entrevista persoal para darse de alta é a seguinte:

- **Carta de adhesión:**

Documento onde se fan constar os datos persoais, os servizos ofertados e demandados, e a dispoñibilidade que ten para realizar os intercambios. Tamén informa dos beneficios e obrigas de pertencer ao Banco e precisa da firma da/o socia/o para darse de alta.

- **Catálogo de Servizos:**

Listado xeral cos servizos ofertados e demandados, estruturados en diversas categorías, e onde a persoa marca as súas preferencias á hora de facer os intercambios.

- **Normas do Banco de Tempo:**

Documento onde se recollen todas as normas de funcionamento ás que se teñen que ater as/os socias/os do Banco e a/o Axente de Tempo. Precisa das firmas da/o socia/o e da/o Axente de Tempo.

- **Documento de conformidade:**

Documento que contén o compromiso coas normas do Banco de Tempo, exime de responsabilidade ao Concello dos actos ou comisións que se poidan producir durante os intercambios e explica que os datos recollidos polo Banco son confidenciais e non poden difundirse para fins alleos ao mesmo. Tamén precisa da firma da/o socia/o.

- **Documento de autorización:**

Documento que autoriza á persoa responsable do Banco de Tempo a reproducir e distribuír imaxes derivadas da participación nas actividades que se organicen en calquera dos formatos existentes, tanto clásicos (prensa, televisión, vídeo, etc) como relacionados cos novos medios informáticos de redes de telecomunicación. Ao igual que a carta de adhesión, as normas do banco, e o documento de conformidade, precisa da firma da/o socia/o.

Sistema de recollida de datos

Para que funcione correctamente o Banco de Tempo, é preciso contar cun sistema de recollida de datos que resulte sinxelo e efectivo á vez, e que tamén teña certo grao de



actualización para poder recompilar toda a información de interese sobre os usuarios/as, a súa dispoñibilidade horaria, os servizos que poden ofertar e os que demandan...En Monforte o sistema de recollida de datos componse de:

- **Documentación para a alta de socios/os:**

Documento empregado para dar de alta aos socios/as (tamén chamado Carta de Adhesión), onde á vez recóllense tanto os datos persoais e de contacto, como os servizos que ofertan e demandan en cada caso.

- **Base de datos informatizados:**

Ferramenta fundamental para o funcionamento do Banco de Tempo, xa que é o lugar virtual onde se plasma a información recollida na documentación de alta (sexo, idade, datos de contactos, servizos que oferta/demanda...). Asemade, nesta base de datos tamén se van rexistrando os intercambios que se realizan e vanse cruzando os datos para os novos intercambios.

- **Talonarios de cheques:**

Instrumento empregado nos intercambios de tempo onde a unidade de intercambio non é monetaria, é a HORA. Neste talonario os socios/as van apuntando os datos referidos aos intercambios que realizan para o posterior rexistro na base de datos (tempo gastado, actividade realizada...).

A metodoloxía dos intercambios de tempo

Para os intercambios de tempo, cada un dos socios/as é titular dunha “Conta” no Banco de Tempo de Monforte, dispoñendo tamén dun Talonario de Cheques que emprega no momento de realizar os intercambios.

No Banco de Tempo propónse, como sinalamos, a creación dun novo tipo de unidade de intercambio non monetarizada: a HORA. Deste xeito foméntanse as relacións sociais e a igualdade entre os distintos estratos económicos, xa que o tempo de cada participante valórase por igual independentemente do servizo que se ofrezca ou se demande: valóranse tódalas contribucións por igual, aproveitando as distintas habilidades individuais.

Chegado o momento do intercambio de horas, cando socio ou socia solicita o tempo doutra persoa para algún servizo concreto, informa ao/á Axente de Tempo, este/a a súa vez realiza contactos coa persoa dispoñible que máis se axuste ás características da demanda, e ponos en contacto: o/a Axente exerce polo tanto como intermediario/a.

Unha vez finalizada a actividade, o/a Axente de Tempo anota estes intercambios de tempo na Base de Datos e actualiza o saldo das contas correntes de tempo dos seus membros, avisando sempre que se produzan desequilibrios nas contas (por exceso ou por defecto).

En resumo, os usuarios/as de Monforte poden empregar cando queiran as súas contas no Banco e os cheques correspondentes, é dicir, poden dispoñer de tempo en

calquera momento e poden gastar o seu crédito dispoñible no que queiran dentro do catálogo de servizos ofrecidos polo demais usuarios/as. Canto maior crédito de tempo circule e canta máis xente compart a o seu tempo e a súas habilidades, máis rica será a comunidade, con persoas que teñen a oportunidade de dar e recibir e que se converten en membros produtivos da sociedade; de aí a importancia de fomentar a participación de máis xente no banco a través da difusión e a publicidade.

Ferramentas de difusión

As labores de difusión e información resultan fundamentais para a marcha e o desenvolvemento dun Banco de Tempo, xa que exercer de maneira eficiente e eficaz ambas funcións influirá directamente no nivel de información e satisfacción dos/as participantes, repercutindo tamén no volume de participación, cuestión vital para o mantemento dun banco activo.



As ferramentas de difusión empregadas en Monforte son as seguintes:

- **Teléfono:** Contacto telefónico cos usuarios/as para a difusión de actividades, información e convocatoria de xuntanzas de grupo, e para os intercambios entre as/os propias/os socias/os (intermediación do/a axente de tempo).
- **Blog Banco de Tempo:** Publicación e comunicación periódica no Blog do Banco de Tempo de tódalas novidades (actividades de grupo, reunións, fotografías de eventos e xuntanzas...); asemade, no blog pode consultarse o catálogo de servizos actualmente dispoñible.
- **Web Municipal:** Comunicación de intercambios colectivos e actividades de grupo na páxina web no Concello para complementar as outras vías de difusión.
- **Medios de comunicación:** Divulgación a través de emisoras de radio locais e notas de prensa para difundir entre a poboación as actividades máis destacadas (intercambios colectivos e actividades de grupo).

Neste sentido, pode afirmarse que o sistema de difusión en Monforte, aínda que susceptible de mellorarse, funciona de maneira eficaz xa que o Banco de Tempo continúa activo catro anos despois e aumenta progresivamente o seu volume de participación. A pesar disto preguntárase ás usuarias/os a súa opinión ao respecto, para valorar o seu nivel de satisfacción e detectar posibles carencias nas canles de información e difusión.

2.3. As socias e socios do Banco de Tempo

Tras observar o pasado máis recente do Banco de Tempo e o seu sistema de funcionamento (proceso de alta, seguimento, intercambio e difusión) é preciso deterse no seu activo máis importante: as persoas que o forman. As/os socias/os do Banco de Tempo de Monforte constitúen, en efecto, a súa principal fortaleza, xa que o

incremento do seu volume xunto co bo nivel de participación son os elementos que posibilitan a supervivencia do banco durante estes anos e garanten o seu futuro funcionamento.

Neste sentido, pode observarse como dende a posta en marcha do Banco no ano 2008 o número de participantes aumenta progresivamente co paso do tempo; deste xeito, se nos inicios se rexistraban un total de 50 persoas, na actualidade ascenden a un total de 73 -o que supón un incremento de algo máis de dez participantes por ano-.


Evolución do número de usuarios/as segundo sexo			
	Homes	Mulleres	TOTAL
2008-2009	7	43	50
2009-2010	8	53	61
2010-2011	10	63	73



Atendendo á distribución por sexo e a súa evolución, apréciase que o Banco de Tempo de Monforte está formado maioritariamente por mulleres, de feito, e aínda que o número de homes tamén vai aumentando pero dun xeito moito máis moderado, o 86% das persoas usuarias son mulleres.

É preciso comentar ao respecto que esta feminización permanece constante ao longo dos catro anos de funcionamento e, a pesar de que responde ás circunstancias da súa

Evolución por sexo dos usuarios/as do Banco de Tempo (2008-2011)



formación inicial, o banco debe potenciar a participación masculina co fin de favorecer aínda máis a eliminación de estereotipos, a corresponsabilidade e fomentar o establecemento dun catálogo de servizos, se cabe, con maior variedade.

Observando outros aspectos do perfil das socias e socios, pode apreciarse como a media de idade tamén vai aumentando progresivamente, concretamente en dous anos de media dende o 2008, pasando dos 46 aos 48 anos no presente ano 2011.

O aumento do nivel de envellecemento pode variar coa chegada de novos usuarios/as con outro perfil de idade, enriquecendo así a comunidade que forma o banco de tempo.

Evolución da Idade Media dos usuarios/as do Banco de Tempo (2008-2011)	
	Idade Media
2008-2009	46,7
2009-2010	47,9
2010-2011	48,2

Un dos obxectivos fundamentais de cara aos vindeiros anos será, pois, non só o mantemento deste volume de participación, senón o

incremento e a diversificación do mesmo a través da difusión da figura do banco, comunicación dos servizos ofrecidos, e a propia colaboración das/dos socias e socios.

2.4. O actual catálogo de servizos ofertados e demandados

Actualmente o Banco de Tempo de Monforte de Lemos conta cun completo e variado catálogo de servizos ofertados e demandados. Ao igual que ocorre nos outros bancos municipais, son as propias socias/os as que configuran este catálogo co ofrecemento das súas habilidades e coñecementos, polo que tamén é un reflexo da variedade e capacidade das/os propias/os participantes.

O catálogo dispoñible varía ano a ano en función das ofertas e as demandas das socias e socios, do seu perfil e da súa dispoñibilidade. Actualmente está estruturado en torno a oito grandes categorías: novas tecnoloxías, axudas coas tarefas escolares, tarefas e reparacións domésticas, xestións administrativas, actividades de lecer, labores de coidado, labores de compañía e outro tipo de servizos. Como é lóxico hai servizos máis demandados que outros e que experimentan un maior movemento, a análise desta cuestión levarase a cabo ao deternos nos fluxos de intercambios realizado durante estes anos en Monforte, de cara a detectar cales destas oito áreas son as que contan con maior índice de oferta e demanda.

Detállase a continuación o catálogo de recursos creado polas socias e socios neste período, tal e como xa se comentou o listado pode ir variando segundo os cambios que experimentan as ofertas e demandas dos/as participantes:


SERVIZOS OFERTADOS/DEMANDADOS NO BANCO DE TEMPO DE MONFORTE		
TIPOLOXÍA	CONTIDO	
Novas tecnoloxías	<ul style="list-style-type: none"> - Axuda para navegar por internet - Crear unha conta de correo electrónico - Informática Xeral (ferramentas básicas) 	<ul style="list-style-type: none"> - Manexo de Photoshop - Técnicas de fotografía - Uso do teléfono móbil
Axuda coas tarefas escolares	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio e reforzo escolar en xeral (axuda cos deberes,...) - Apoio/Reforzo en inglés - Apoio/Reforzo lectura e comprensión (Lingua Castelá) 	
Tarefas e reparacións domésticas	<ul style="list-style-type: none"> - Pequenos arranxos no fogar - Horta e Xardín - Cociña - Ensinar/Facer repostería 	<ul style="list-style-type: none"> - Recados/Compra - Limpeza cristais - Servizos de costura - Servizos de pasar o ferro
Xestións administrativas	<ul style="list-style-type: none"> - Acompañamento nas xestións administrativas - Axuda para cubrir impresos 	
Actividades de lecer	<ul style="list-style-type: none"> - Acompañar a calquera actividade - Conversa en francés - Conversa en galego 	<ul style="list-style-type: none"> - Conversa en inglés - Conversa/Clases castelán - Manualidades en xeral
Labores de coidado	<ul style="list-style-type: none"> - Relaxación e masaxes - Dieta/nutrición - Levar/Recollel nenos/as escola - Maquillaxe 	<ul style="list-style-type: none"> - Manicura e Pedicura - Perruquería - Técnicas mobilización persoas maiores
Labores de compañía	<ul style="list-style-type: none"> - Acompañamento ás citas médicas - Compañía persoas con discapacidade - Compañía persoas maiores 	



Outras	<ul style="list-style-type: none"> - Clases de castelán - Consello no coidado de animais - Conversas Francés-Galego - Nocións prácticas xardinería/horta - Poda de árbores 	<ul style="list-style-type: none"> - Transporte local para recados ou compras - Transporte interparroquial ou ao núcleo urbán - Transporte fóra do municipio - Técnicas de decoración
---------------	---	---

2.5. A evolución dos intercambios realizados

Evolución do número de intercambios no Banco de Tempo Municipal




Xunto co perfil das socias/os e o actual catálogo de servizos dispoñible en Monforte, o outro factor determinante para establecer tanto a evolución do Banco de Tempo como as posibles propostas de mellora, é a análise do fluxo de intercambios realizados durante estes catro anos de funcionamento.



Ao igual que ocorre co incremento do número de participantes -e en directa relación con este-, o volume de intercambios aumentou progresivamente dende os 15 rexistrados nos inicios do Banco, pasando a 34 intercambios na segunda etapa e a 63 no último período de referencia entre Agosto de 2010 e Xullo do presente 2011.

Observando os gráficos que plasman a evolución das ofertas e das demandas de servizos e/ou actividades rexistradas dende o 2008, conséntase esta progresión da que vimos falando e que queda reflectida nas barras de datos. Pode afirmarse, polo tanto,

Evolución por sexo da DEMANDA de servizos no Banco de Tempo de Monforte de Lemos



que o Banco de Tempo de Monforte experimenta unha evolución en positivo, cun fluxo de intercambios moito máis activo e diverso a medida que pasan o anos. Sobre esta base, a incorporación de determinados cambios poderá optimizar o funcionamento dunha

ferramenta municipal que xa de por si está a obter bos resultados.

Deténdose no factor sexo -e tamén en directa relación co perfil maioritario neste banco de tempo-, pode apreciarse como as mulleres se mostran moito máis activas nos intercambios, ofertando e demandando máis actividades e servizos cos homes durante estes catro anos. Este comportamento non se debe soamente a un maior volume de mulleres, xa que por exemplo no terceiro período de referencia (2010-2011), e a pesar de estar rexistrados 10 socios homes, non houbo ningunha solicitude nin ningunha oferta de tempo por parte da poboación masculina; fomentar a súa participación activa parece polo tanto un obxectivo claro de cara aos vindeiros anos.

Observando detidamente as actividades e servizos intercambiados durante este tempo, pode apreciarse unha evolución non só numérica, senón tamén temática, especialmente no segundo ano de funcionamento.



Deste xeito, se no primeiro ano de funcionamento do Banco primaban os intercambios no eido da educación e da informática -que acumularon un total de 3 intercambios respectivamente-, no segundo período 2009-2010 hai un maior movemento de tempo (oferta e demanda) noutro tipo de servizos como é o de transporte (8 intercambios), facer recados ou a compra (5 intercambios), e actividades/clases de manualidades (4 intercambios). Nestes anos e con respecto aos inicios, percíbese o aumento de participantes e a introdución de novas actividades moito máis específicas como por exemplo: as conversas noutros idiomas, o reforzo escolar ou as labores de coidado.

INTERCAMBIOS REALIZADOS entre Xullo 2008 e Xuño 2009 (1º Período)	
Tipo de servizo	Número de Intercambios
Educación	3
Informática	3
Axuda no fogar	2
Cociña	1
Facer recados/compra	1
Labores de compañía	1
Perruquería	1
Saúde	1
Tempo libre e lecer	1
Xardinería	1

INTERCAMBIOS REALIZADOS entre Xullo 2009 e Xullo 2010 (2º Período)	
Tipo de servizo	Número de Intercambios
Transporte	8
Facer recados ou compra	5
Manualidades	4
Axuda coas tarefas escolares	2
Clases de castelán	2
Conversa en francés	2
Conversa en inglés	2
Ensinar/facer repostería	2
Informática	2
Labores de compañía	2
Cociña	1
Costura	1
Labores de coidado	1

No último período de referencia (Agosto 2010 - Xullo 2011) a maior novidade é o aumento do volume de intercambios, de feito chega case a duplicarse con respecto ao ano anterior, activándose así o fluxo de ofertas e demandas especialmente nas actividades de cociña, repostería e nos encargos para facer recados ou compras. A pesar de que non se rexistra ningunha nova temática con respecto ao ano anterior -tan só volve a recuperarse a actividade de horta e xardinería incluída xa no ano 2008-, cabe destacar, a incorporación dos intercambios de tipo colectivo ao Banco. En ditos intercambios un só socio/a oferta unha determinada actividade a tódolos demais, o

que supón unha boa maneira de adquirir coñecementos de xeito grupal e acceder ás actividades con maior índice de demanda. Esta estratexia non só resulta efectiva ante este aumento do volume de intercambios, senón que debería continuar nos vindeiros anos dada a súa capacidade para fomentar os intercambios e enriquecer ao propio Banco.


INTERCAMBIOS REALIZADOS entre Agosto 2010 e Xullo 2011 (3º Período)	
Tipo de servizo	Número de Intercambios
Cociña	16
Ensinar/facer repostería	15
Facer recados ou compra	8
Manualidades	6
Labores de compañía	4
Transporte	4
Horta e xardinería	3
Costura	3
Conversa en francés	2
Conversa en inglés	2



A modo de resumo xeral do fluxo e da evolución dos intercambios de tempo realizados durante este tempo no Concello de Monforte pode concluírse o seguinte:

- Dentro do catálogo xeral de servizos, 11 son as actividades que experimentan maior número de intercambios durante o tempo de vixencia do Banco de Tempo. En concreto e por orde de importancia: cociña, ensinar/facer repostería, facer recados/compra, transporte, manualidades, labores de compañía, informática, horta e xardinería, costura, conversa en francés e conversa en inglés. No gráfico inferior figuran estas once actividades e o seu volume de intercambio entre os anos 2008 e 2011.

Actividades con maior número de intercambios (2008-2011)



- Dentro destas actividades que experimentan un maior fluxo de intercambios, e tendo en conta a tipoloxía establecida no catálogo xeral deste ano, pode concluírse que área con maior índice de demanda é a de “Realización de tarefas e reparacións domésticas” (cociña, repostería, costura, bricolaxe...), de feito cinco dos once servizos máis ofertados e demandados pertencen a esta área. Este tipo de actividades están directamente relacionadas coa adquisición

de novas habilidades e cun dos obxectivos básicos do banco de tempo: favorecer a conciliación dos tempos laborais, familiares e persoais.

- Xunto a esta temática, séguelle por orde de importancia a área de “*Actividades de ocio e lecer*” (conversas noutros idiomas, manualidades...) e o acompañamento ás mesmas, estando presentes tamén outras como a de “Novas tecnoloxías”, as “Labores de compañía” e “Outro tipo de actividades” como as de transporte (transporte local para recados ou compras, transporte interparroquial ou ao núcleo urbano, e transporte fóra do municipio).

Para finalizar con este resumo histórico dos intercambios de tempo en Monforte é preciso revisar tamén a realización doutro tipo de actividades como as grupais, organizadas directamente polo propio Banco de Tempo. Estas iniciativas complementábase con reunións mensuais de grupo onde se lles informa de tódalas novidades e mantense un contacto activo cos socios/as.

Estas actividades teñen un obxectivo fundamental: fomentar a cohesión do grupo e a participación no mesmo, favorecendo un clima de confianza e colaboración, esencial para potenciar os intercambios de tempo en actividades como as de coidado e acompañamento. Sen embargo esta non é a única meta que perseguen as actividades de grupo, senón que nelas atopamos tamén unha clara vontade de sensibilizar en igualdade, previr e eliminar a violencia de xénero, favorecer a visibilidade das mulleres e a súa participación en sociedade, revalorizar o traballo doméstico e, en xeral, fomentar o nivel de benestar das mulleres e homes que forman o Banco de Tempo de Monforte.

Sobre a base destes obxectivos, é lóxico comprobar que ao longo dos tres períodos analizados mantéñense certas constantes como é a participación nos actos do 25 de Novembro “Día Internacional para a eliminación da Violencia de Xénero”, a participación nas actividades do 8 de Marzo “Día Internacional da muller”, e a organización de distintos obradoiros (saúde, defensa persoal...) e obras de teatro, tal e como pode apreciarse nas táboas inferiores.

OUTRAS ACTIVIDADES GRUPAIS organizadas entre Xullo 2008 e Xuño 2009 (1º Período)
Excursión aos Ancares
Asistencia á exposición “Pioneiras”
Obradoiro de Mobles de Cartón - Pedra
Participación nos actos do 25 de novembro “Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero”: <ul style="list-style-type: none">- <i>Acto de sensibilización na rúa</i>- <i>Acto conmemorativo do 25 de novembro</i>- <i>Obra teatral “Miserere” e posterior debate</i>
Obradoiro de Abelorios
Participación nas actividades do día 8 de marzo “Día Internacional da Muller”: <ul style="list-style-type: none">- II Xornadas de Saúde na Muller- Obradoiro de defensa persoal para mulleres- Obradoiro de autoestima e crecemento persoal- Obradoiro de sensibilización en materia de igualdade
Roteiro natural “Os Muíños”

OUTRAS ACTIVIDADES GRUPAIS organizadas
entre Xullo 2009 e Xullo 2010 (2º Período)

Visita ao Balneario de Augas Santas

Participación nas actividades do 25 de novembro “Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero”:

- Acto conmemorativo
- Obradoiro “Galegas na Historia”
- Obradoiro “Sostenibilidade e Aforro en Tempos de Crise”

Obradoiro “Centros de Nadal”

Obradoiro de Risoterapia

Roteiro Cereixa - Monforte e Merenda - Cea por Haití

Participación nas actividades do día 8 de marzo “Día Internacional da Muller”:

- Asistencia a exposición “O Magreb con ollos de muller”
- Cea de confraternidade entre mulleres no Restaurante “Don Manuel”
- Obra de Teatro “Mulleres, mulleres, mulleres”
- III Xornadas de Saúde na Muller

Curso de Fotografía Dixital

Letras Galegas – Maratón de lectura

Roteiro da Igualdade

Excursión Allariz - Outariz



OUTRAS ACTIVIDADES GRUPAIS organizadas
entre Agosto 2010 e Xullo 2011 (3º Período)

Participación no Programa “Cruzando Libros”

Asistencia á Conferencia “Situación Social e Laboral das Mulleres Vítimas da Violencia de Xénero”

Visita ao Pazo de Tor

Obra de Teatro “Sublime decisión”

Magosto

Participación nas actividades do día 25 de novembro

“Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero”:

- Acto conmemorativo
- Espectáculo teatral “Caminando”
- Obradoiro “Encóntrate a ti mesma”
- Obradoiro “Regala Igualdade”

Participación na celebración do San Brais

Participación nas actividades do 8 de marzo: “Día Internacional da Muller”:

- Exposición fotográfica “O Peso da Muller”
- IV Xornadas de Saúde na Muller
- Cea de confraternidade entre mulleres no Restaurante “Don Manuel”
- Obradoiro afectivo - sexual

Participación no Antroido coa Comparsa “Mulleres do Mundo”

Participación na Feira Medieval

Día das Letras Galegas: participación no maratón de lectura en homenaxe a Lois Pereiro

Roteiro de Vilacha

Asistencia á Charla de Seguridade Cidadán

3. Valoración xeral do Banco de Tempo: as conclusións do proceso de participación social

Tal e como se indicaba na descrición metodolóxica, a presente optimización baséase non só no estudo de datos cuantitativos (número e perfil de usuarios/as, servizos prestados e volume de intercambios, labor de coordinación, apoio e asesoramento...), senón que ten como base fundamental a análise do proceso de participación social.

Para identificar tanto as actuais carencias e debilidades, como as posibles propostas de mellora, decidiuse recoller directamente o punto de vista e as impresións do persoal técnico e das propias socias/os, creando para este fin distintos espazos de participación social. Estes foron os seguintes:

- Entrevistas en profundidade á axente de tempo, e ao persoal técnico e político encargado do desenvolvemento desta ferramenta municipal.
- Entrevistas en profundidade a tres dos socios/as do Banco de Tempo de Monforte.
- Mesa de participación social, para debater en grupo problemáticas e posibles propostas de mellora. Esta mesa de debate complementouse cunha enquisa de satisfacción e valoración social ás socias/os.

A posta en marcha deste proceso de participación social permitiu complementar a información recompilada e achegarse máis ao funcionamento do Banco de Tempo en Monforte, recollendo de primeira man a experiencia vivida durante este tempo e as principais conclusións vinculadas a ela.

3.1.A valoración do persoal técnico e das socias/os

Tanto o discurso do persoal técnico como o das socias/os comeza valorando o nacemento do Banco de Tempo en Monforte, xa que todas as persoas entrevistadas están de acordo en afirmar que este punto de partida condicionou o seu posterior desenvolvemento e tamén as súas actuais fortalezas e debilidades.

"Xurdiu o tema do Banco de Tempo entre as mulleres que acudiamos ao CIM (...). E pareceunos ideal o de dar e recibir, tanto para aprender como para ensinar...E bueno, a partir destas datas estamos activas"

"Isto empezou fai uns anos... Todo comezou polo CIM, fomos comunicando unhas ás outras e fóronse"

Os inicios desta ferramenta municipal parten, pois, dun grupo de mulleres, usuarias do CIM, que de maneira informal comezaron a intercambiar tempo e servizos entre elas. Comprobando que este sistema de intercambios funcionaba e resultaba efectivo de cara a conciliación -e tamén co fin de estender os beneficios deste sistema á poboación en xeral-, déronse os pasos administrativos necesarios para crear, xa de xeito oficial, a figura do Banco de Tempo: creouse unha imaxe corporativa, solicitouse unha subvención para a contratación dunha axente de tempo que o coordinara e dinamizara, levouse a cabo a difusión

correspondente, e fíxose a presentación oficial a través dunha rolda de prensa, comezando así a andadura oficial do Banco de Tempo no eido local.

En Monforte, o Banco de Tempo no foi só unha ferramenta illada que xurdiu de maneira espontánea, senón que pechaba o círculo das medidas de conciliación municipais tralo Plan de Programación de Tempo na cidade e o proxecto de “Escolas Abertas”, completando así a labor realizada cos distintos axentes económicos e sociais (sindicatos, partidos políticos, asociacións...) para o establecemento destas medidas.

Para a difusión inicial empregáronse diferentes vías para informar ao maior número de veciños/as posible sobre a existencia e o funcionamento do Banco de Tempo. Os medios empregados nesta divulgación inicial foron os seguintes:

- Elaboración e reparto de dípticos informativos.
- Rolda de prensa cos principais medios de comunicación local.
- Difusión, a través de charlas informativas, nos locais sociais de tódalas parroquias de Monforte dentro do proceso de dinamización do eido rural.
- Creación do Blog oficial do Banco de Tempo -que actualmente segue en funcionamento- onde se plasman as novidades e servizos ofertados.
- Comunicación das actividades grupais a través da páxina web municipal e a través de notas de prensa.

O principal obxectivo deste proceso de difusión inicial foi o de ampliar o número de participantes para convertelo nunha ferramenta útil para toda a cidadanía de Monforte máis aló do Centro de Información á Muller. Observando a progresiva evolución do número de socios/as pode afirmarse que este obxectivo inicial viuse cumprindo, aínda que como veremos quizais este sexa o momento ideal para retomalo tras catro anos de funcionamento (segundo a opinión de técnicas e usuarias/os en canto ás posibles melloras).

En directa relación coa orixe do banco, as motivacións para participar non radican só no desexo de compartir e intercambiar habilidades e tempo, senón que van máis aló e buscan tamén outras vantaxes como as relacións sociais e a amizade, de aí tamén que o boca a boca funcione como unha ferramenta de difusión efectiva, co efecto chamada entre socias/os.

Esta situación, aínda que beneficiosa nun primeiro momento, pode converterse nunha debilidade, dificultando a incorporación de novas persoas e colectivos, xa que os vínculos de amizade poden facer das usuarias/os un grupo pechado a outros colectivos e máis recio aos cambios. O obxectivo de cara aos vindeiros períodos debe ser, polo tanto, o de primar o desexo de intercambio de tempo, entendendo as relacións sociais como un beneficio engadido e tamén, por suposto, necesario, pero

“Non tiña moito tempo pero o primeiro foi unha maneira de ter contacto coa xente, de relacionarme, o primeiro foi iso”

“Isto nos aporta coñecernos, compartir cousas, compartir habilidades, aprender cousas novas con xente que non coñecemos”

“Gústame asistir porque coñécese xente e sempre se aprenden cousas novas”

non a finalidade última do banco, afastándose así dun espírito máis propio do eido asociativo.

“Hoxe en día que todo se compra e todo se vende (...) poñer en común cousas que sabes e que podes facer e recibir a cambio gratuitamente pareceume moi interesante”

“Interesábame aprender un pouco de informática, e intercambiar tempo en vez de diñeiro pareceume moi interesante”

“Está ben que sexamos amigos, pero iso é a maiores, aquí é a túa hora pola miña hora”

obxectivos para os vindeiros anos pasa por fomentar a participación masculina, xuvenil, e tamén a da terceira idade, ampliando así tanto as propias posibilidades do banco, como o catálogo de servizos actualmente dispoñible; trátase, polo tanto, de enriquecer o Banco de Tempo de Monforte a través da difusión e a apertura.

As estratexias para acadar este fin xiran en torno á necesidade de retomar a labor de divulgación realizada nos inicios desta figura municipal, achegándose a novos colectivos a través do contacto con asociacións, centros de ensino, centros de maiores, ou incluso a participación activa en redes sociais (*Facebook, Tuenti...*)

Dentro deste intento por diversificar o perfil dos socios/as e o catálogo de servizos, tanto as técnicas como as usuarias consideran que as actividades de grupo poden xogar un papel fundamental nesta tarefa. O feito de publicitar en maior medida este tipo de actividades potenciaría a participación nas mesmas e, polo tanto, un primeiro achegamento ao banco. Estas iniciativas grupais, entendidas como un espazo para xerar confianza e cohesión social, poden supoñer un potencial factor de atracción que derive na creación de novos socios/as. Para acadar este obxectivo, as actuais socias/os consideran necesario repetir algunha das actividades cada ano (por exemplo no caso de certas festividades como o Magosto), para que teñan continuidade, e polo tanto maior visibilidade entre a veciñanza de Monforte.

A pesar disto, as usuarias/os tamén son moi conscientes de tódolos beneficios que se obteñen a través do banco, e aínda que resaltan a importancia das relacións sociais, o fomento da conciliación e a adquisición de novos coñecementos e habilidades sen empregar diñeiro forman parte tamén das súas motivacións de participación, tal e como quedou plasmado no seu discurso.

Ante esta situación de partida, tanto o persoal técnico como as socias/os están de acordo na necesidade de ampliar e abrir o grupo, favorecendo a diversificación do seu perfil maioritario, xa que identifican como unha clara debilidade a falta de socios homes, ou unha maior variedade nos tramos de idade. Deste xeito, un dos principais

“É unha pena que non haxa máis homes (...) porque hai moitas actividades que eles fan e que nós tamén necesitamos e ao revés”

“Hai que facer fincapé neso, invitar aos homes a que participen e que dean o seu granito de area”

“Tamén é moi interesante participar con asociacións e con xente xoven”

“Gustaríame que houbera máis xente da miña idade (...) xente de diferentes idades”

“O colectivo de persoas maiores (...) habería que mover iso porque tamén teñen necesidades e ademais teñen moito tempo e poderían aportar moito”

En relación con este desexo de continuidade e coa intención de visibilizar en maior medida as iniciativas e trocos realizados no banco, a perspectiva dos socios homes

"Facer cousas que teñan continuidade, que se fagan tódolos anos para dar a coñecer o que facemos e que a xente se anime a apuntarse"

"Visibilizar o que facemos, facer cousas que teñan continuidade: iso tería moita difusión"

"O que se ve en internet son as fotos e son todas mulleres, claro, se só se ensina iso...Hai que informar e velo todo"

resulta moi esclarecedora xa que, segundo o discurso recollido, o excesivo protagonismo feminino -exhibido a través das fotos colgadas no Blog- pode crear reticencias e frear a participación masculina, polo que se propón que as imaxes pensadas para a promoción de actividades teñan un carácter máis mixto co fin de invitar a tódolos perfís e evitar os estereotipos tradicionais de xénero.

Na labor de contacto con outras entidades e persoas, a información debe xogar un papel fundamental, xa que esta é outra das debilidades identificadas: a falta dunha idea clara sobre o funcionamento do banco tempo e os servizos

ofertados frea o aumento da participación.

En directa relación con esta cuestión (o funcionamento do banco de tempo) propónse unha revisión completa do regulamento interno para achegar a normativa á poboación de Monforte, e garantir un maior seguimento por parte das usuarias. No primeiro senso é preciso aclarar que, aínda que actualmente existen directrices xerais, o que se pretende é actualizar e complementar o regulamento vixente, dotándoo de maior especificidade e contido para que o Banco de Tempo sexa unha figura municipal de fácil comprensión e manexo, tratando de fomentar así unha maior participación no mesmo. Neste senso, unha normativa clara, sinxela e específica, con exemplos prácticos sobre o funcionamento dos intercambios de tempo, ou con indicacións sobre como resolver incidencias puntuais, fará do banco unha figura máis próxima e atraente, mostrando asemade os beneficios que se poden obter a través do troco de servizos.

Esta iniciativa non estaría encamiñada só a adquisición de novos socios/as, senón que tamén beneficiaría ás actuais usuarias/os que mostran certo nivel de descoñecemento -tal e como mostran os resultados da enquisa de satisfacción- e unha falta de hábito no emprego do talonario de cheques. A experiencia do persoal técnico indica que, aínda que se leva a cabo un seguimento eficaz -a axente de tempo encárgase de supervisar os intercambios e recordarlles que teñen que cubrir os cheques-, unha excesiva rixidez no emprego do talonario resulta contraproducente e frea os intercambios, polo que o feito de darlles maior formalidade debe levarse a cabo de maneira paulatina. Neste senso, propónse un repaso periódico

"Publicitar os intercambios e as actividades que facemos"

"Coñecerse máis fai que haxa máis trocos"

"Promocionar máis os trocos, que se vexa todo o que facemos"

"Non están ben informados do que é nin cómo funciona (...) e pode ser moi útil para que a xente coñeza o Banco de Tempo e se anime a participar"

"Iso está moi ben (...) Así sempre o tes a mano e o podes mirar, porque eu non acendo o ordenador"



dos intercambios nas reunións mensuais coas socias/os a través de fichas de seguimento, co fin de:

- Introducir e formalizar paulatinamente o hábito de cubrir os cheques.
- Evitar as posibles reticencias ante este requisito administrativo.
- Fomentar o equilibrio nos intercambios (entre a oferta e a demanda).
- Garantir un mellor

funcionamento do Banco de Tempo.

Asemade, este sistema de recollida de información a través de fichas facilitaría a labor de seguimento que xa se realiza, e permitiría a introdución de novos hábitos, cuestión especialmente importante para non perpetuar certas pautas (por exemplo a falta de costume no emprego dos cheques) coa chegada de novos socios/as.

Outra das propostas de mellora recollidas tanto nas entrevistas como na mesa de debate é a de facilitar o acceso ao catálogo de intercambios, dándolle maior visibilidade. Proponse que o catálogo estea fisicamente dispoñible, é dicir, elaborar periodicamente un documento cos servizos ofertados e demandados que sirva como complemento á publicación *online* no Blog do Banco de Tempo.



Os obxectivos que persegue esta iniciativa resultan claros: facilitar o acceso de todas as persoas ao catálogo independentemente do seu nivel de coñecemento e manexo coas novas tecnoloxías, e potenciar o intercambio tendo moito máis presente o que se ofrece e o que se pode demandar.

Finalmente, e para rematar con esta análise cualitativa das entrevistas e da mesa de debate, o persoal técnico considera necesario avaliar periodicamente o nivel de satisfacción das socias e socios, detectando posibles demandas, carencias ou necesidades tal e como se fixo no presente proceso de optimización. Trataríase, polo tanto, de poñer en marcha un sistema de avaliación e mellora continua tendo en conta

a boa recepción que tivo o proceso de participación social desenrolado para a realización deste proxecto.


3.2. A enquisa de satisfacción

Como complemento á análise cualitativa, e co fin de recoller de maneira máis exhaustiva o nivel de satisfacción e as propostas de mellora, pediuse ás socias/os consultadas que cumprimentaran un cuestionario de valoración xeral.

Os resultados recompilados foron os seguintes:

En primeiro lugar, as actividades vinculadas ás novas tecnoloxías son as que suscitan

¿Que tipo de servizos e actividade che interesan máis? (%)




potencialmente maior interese (29%), seguidas das actividades de ocio e lecer (19%), e a realización de tarefas e reparacións domésticas (14%). O feito de que a axuda coas tarefas escolares teña tan pouco peso na enquisa (en torno ao 5%) relaciónase directamente co actual perfil das persoas participantes, posto que a maioría non ten fillos/as en

idade escolar.

Estes resultados coinciden cos xa analizados sobre a evolución dos intercambios nos últimos anos, aínda que neste caso se lle outorga maior importancia aos coñecementos informáticos e de novas tecnoloxías. Este interese renovado pode aproveitarse coa chegada de novos socios/as e perfís de idade, susceptibles de intercambiar estes servizos por outros de natureza máis tradicional, completando e aumentando así o catálogo a medida que van xurdindo necesidades específicas.


¿Coñeces as normas que rexen o Banco de Tempo? (%)



En relación ao nivel de coñecemento do regulamento

interno, máis da metade das persoas consultadas (56%) afirma coñecer as normas, mentres que un considerable 44% considera que só coñece unha parte das mesmas, a necesaria para poder funcionar de maneira operativa dentro do banco. Neste senso, e tal e como se adiantaba no apartado anterior, é preciso garantir un bo coñecemento da normativa vixente para mellorar o funcionamento do banco e posibilitar unha maior

¿Está satisfeito co sistema de información empregado no Banco de Tempo? (%)




fluidez nos intercambios, cuestións que poden acadarse coa difusión dunha normativa clara, sinxela, e con exemplos prácticos.

É preciso recordar que o sistema de información empregado no banco de tempo de Monforte é totalmente directo, xa que emprega a contactación telefónica, as visitas presenciais e os *sms* ao móbil como vías de comunicación

principais. Debido a esta comunicación tan eficiente e directa -a pesar de que o número de socios/as continua incrementándose-, non resulta raro comprobar o elevado nivel de satisfacción existente ao respecto: en ningún caso outorgáronse as puntuacións máis negativas, e a mostra repártese entre as persoas bastante ou moi satisfeitas, polo que non parece necesario introducir ningún cambio ao respecto. A pesar disto, e pensando na operatividade do banco a medida que siga aumentando o seu nivel de participación, é preciso activar outras vías de comunicación adicionais (como por exemplo a vía *online*), moi pouco utilizadas actualmente e que poden comezar a empregarse co rexuvenecemento do perfil de idade.

Con respecto á organización das propias actividades e intercambios, o nivel de satisfacción dos usuarios/as do Banco de Tempo de Monforte segue a resultar excelente, xa que o 100% das persoas consultadas consideran que están ben organizadas e non mostran ningunha demanda ao respecto.

¿Está satisfeito co sistema de seguimento e rexistro que segue o Banco de Tempo? (%)



O sistema de seguimento, aínda que cunha variedade maior de resultados, tamén recibe unha bo nivel de cualificación, xa que máis da metade está bastante satisfeito/a (56%) e un terzo atópase moi satisfeito/a. A introdución do complemento periódico das fichas pode mellorar estes resultados, facilitando así tanto o emprego do talonario de cheques, como a propia labor da axente de tempo no sistema de rexistro e seguimento.

Ademais de todas estas cuestións, pediuse ás socias/os que outorgarán unha nota entre o 0 e o 10 a modo de valoración xeral do Banco de Tempo. A puntuación obtida, situada nunha media de notable (7,6 de nota), termina de confirmar o bo nivel de satisfacción existente entre as socias/os. En definitiva, pode afirmarse que este

resultado ofrece un bo resumo desta ferramenta municipal en Monforte, que recibe unha moi boa valoración pero que é susceptible de incorporar melloras que optimicen o seu funcionamento ata o sobresaínte.

3.3. Resumo das conclusións recollidas: Fortalezas e Debilidades

A modo de resumo xeral, incluímos as principais fortalezas e debilidades identificadas polo persoal técnico durante o proceso de participación social. Ambos elementos, extraídos da súa experiencia durante este tempo, relaciónanse directamente coas propostas de mellora destinadas a optimizar o funcionamento do Banco de Tempo en Monforte e extraídas tamén do discurso das socias/os.


Entre as **FORTALEZAS** coas que conta o Banco de Tempo están:

- A implicación política, que se traduce nunha mellora progresiva de Banco de Tempo.
- Contar cunha partida orzamentaria propia para o desenvolvemento do banco en Monforte.
- A implicación técnica do Centro de Información á Muller (CIM) dende os inicios do banco ata a actualidade.
- A cohesión do actual grupo de socias e socios e o clima de confianza no que se enmarcan tódalas actividades que realizan.
- A subvención para material de oficina, o que supón que o banco ten cuberto os gastos que derivan do seu mantemento.

Entre as **DEBILIDADES** que se observan no Banco de Tempo están:

- A falta dun regulamento ben definido, o que provoca que ás veces non está clara a liña a seguir nos intercambios, nas baixas, etc.
- A veciñanza de Monforte non ten unha idea clara sobre o funcionamento e os servizos que ofrece o Banco de Tempo.
- A homoxeneidade do grupo de participantes no Banco convérteo nun grupo pechado a outros colectivos e máis recio aos cambios.
- A resistencia dos integrantes do Banco a empregar os talonarios de cheques de tempo á hora de facer os intercambios, o que dificulta o seguimento e o rexistro dos mesmos.
- A falta de subvencións para a dinamización do Banco e realización de actividades (si que están cubertas a posta en marcha e a avaliación).
- As características da subvención para a contratación da Axente de Tempo, debido a que a mesma ven regulada a través dos Programas de Cooperación, os cales teñen unhas características moi restritivas para o proceso de contratación, para o tipo de contrato, e tamén para a renovación do mesmo.





4. Propostas de mellora: a optimización do Banco de Tempo

Incluimos a continuación o conxunto de propostas de mellora recompiladas durante a realización deste proxecto (información cuantitativa e cualitativa). Moitas destas propostas -baseadas na experiencia práctica tanto do persoal técnico como dos socios/as-, inclúense de maneira implícita no apartado de valoración da participación social, e todas elas están destinadas a optimizar o funcionamento do Banco de Tempo nos vindeiros anos e períodos de funcionamento. Estas son as seguintes:

I. *Apertura e enriquecemento do grupo de socios/as a través da difusión e a divulgación.*

Esta proposta busca recuperar o proceso de difusión levado a cabo nos inicios do Banco de Tempo, empregando novas estratexias que visibilicen o seu o funcionamento (obxectivos, servizos, normas...) para continuar aumentando o número de socios/as e diversificar o perfil maioritario; en concreto propónse fomentar a participación da poboación masculina, xuvenil e o colectivo de persoas maiores. Entrando máis ao detalle, o proceso de divulgación levaríase a cabo a través das seguintes vías:

- Charlas informativas (funcionamento, servizos ofertados e demandados, beneficios...) en asociacións de especial interese para a xuventude e a poboación masculina (xuvenís, deportivas, de caza...).
- Difusión en centros educativos para maiores de 18 anos: centro asociado á UNED, escola de idiomas, programas de educación para adultos.
- Divulgación a través de redes sociais (*Facebook, Tuenti, Twiter...*).

- Difusión de información en centros de maiores ou da terceira idade.
- Elaboración e reparto de dípticos e carteis informativos para colocalos en lugares de especial afluencia e interese, como por exemplo a Casa da Cultura ou o Multiusos de Monforte.
- Organización de actividades grupais dirixidas á poboación masculina, ou que lles resulten de especial interese, co fin de facilitar un primeiro contacto co Banco, xerar confianza e facilitar a participación.

II. Realizar, de xeito periódico, un seguimento das visitas que ten o Blog do Banco de Tempo.

Trátase de revisar a afluencia de visitas co fin de comprobar tanto o nivel de participación *online*, como o éxito da labor de divulgación e difusión antes mencionada. Asemade, propónse manter a directa accesibilidade ao Blog dende a páxina web do Concello de Monforte, e facer tódalas modificacións de formato necesarias para garantir unha maior claridade e accesibilidade.

III. Realizar un repaso periódico dos intercambios realizados coas usuarias/os a través de fichas de seguimento.

O obxectivo desta medida de optimización é o de facilitar o proceso de rexistro e seguimento, formalizando paulatinamente o hábito de empregar os cheques a través deste repaso conxunto que pode levarse a cabo, por exemplo, de maneira bimensual. A idea xeral é a de ir corrixindo esta conduta, evitando as posibles reticencias a este proceso administrativo.

IV. Facilitar o acceso ao catálogo de servizos dispoñible (servizos ofertados e demandados).

Propónse elaborar periodicamente un documento co catálogo de servizos existente no banco, co fin de:

- Completar a publicación *online*.
- Facilitar o acceso de tódalas persoas independentemente do seu nivel de manexabilidade coas novas tecnoloxías.
- Visibilizar máis o catálogo e potenciar o intercambio de tempo ao ter máis presente o que se ofrece e o que se pode demandar.

V. Realizar unha avaliación periódica do nivel de satisfacción dos socios/as.

O obxectivo desta medida, é o de revisar cada certo tempo o nivel de acordo e satisfacción existente no Banco de Tempo a través dunha enquisa de valoración xeral na que se procuren detectar demandas, carencias e necesidades. Dita medida pode complementarse coa incorporación dun buzón de suxestións.

VI. *Actualización, ampliación e revisión do actual regulamento interno do Banco de Tempo.*

Trataríase de completar as actuais directrices xerais, dotando ao regulamento de maior especificade e contido, aprobándoo de xeito oficial, e introducindo exemplos prácticos sobre intercambios ou incidencias puntuais. Proponse, asemade, elaborar un pequeno documento con este novo regulamento, co fin de facer máis accesible a normativa e garantir un mellor nivel de coñecemento entre os socios/as.

VII. *Completar a documentación oficial do Banco de Tempo coa elaboración dun documento complementario de autorización.*

Naqueles intercambios que impliquen tarefas de acompañamento e coidado, en especial no caso dos menores de idade ou con colectivos de especial atención, empregárase un documento de autorización expresa a modo de cláusula complementaria. A elaboración deste documento específico será consensuada cos socios/as, e buscará eximir de toda responsabilidade ao concello e á persoa que se fará cargo do servizo. Esta dobre autorización –xa que a propia normativa xa o contempla– xerará maior confianza e tranquilidade neste tipo de intercambios, polo que tamén pode potenciar a súa oferta e con ela a conciliación familiar e laboral.

VIII. *Manter os canles de información directos e potenciar o emprego doutras vías de comunicación.*

O obxectivo desta medida é manter as vías de información que actualmente mellor funcionan e que mellor valoran as usuarias/os (contactación telefónica, visitas presenciais e sms ao móbil) e complementalas co emprego de novas tecnoloxías cando se rexueneza o perfil das persoas que participan no Banco de Tempo.

IX. *Manter as actividades de grupo, dándolles maior visibilidade e continuidade.*

Continuar coa realización periódica destas actividades grupais, entendidas como un espazo para xerar confianza, cohesión social e fomentar os intercambios. Dada a boa acollida que experimentan entre as participantes, considérase que poden xerar o interese da veciñanza de Monforte, achegándose deste xeito á figura do Banco e ao seu funcionamento. Sobre a base deste razoamento é preciso darlles maior publicidade e dotalas de certa continuidade (por exemplo levar a cabo unha actividade salientable, como a celebración do Magosto, unha vez ao ano) xa que, ademais do posible incremento da participación, este tipo de iniciativas favorecen a conciliación, e o desenrolo dun tempo persoal e de ocio máis aló da vida familiar e laboral, cuestión especialmente importante para a poboación feminina e para o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

X. *Levar a cabo intercambios de tempo de xeito colectivo.*

Continuar desenrolando trocos de tempo nos que un só socio/a oferte unha actividade a tódolos demais, para facilitar o acceso ás actividades con maior índice de demanda, e fomentar a adquisición de coñecementos de xeito grupal.

XI. *Favorecer a relación e o intercambio con outros Bancos de Tempo.*

Trataríase de aproveitar sinerxías entre bancos, intercambiando experiencias, actividades ou servizos, e procurando organizar encontros de carácter colectivo para visibilizar en maior medida esta figura municipal e incorporar novas melloras.


XII. *Converter ao propio Banco de Tempo nun socio/a que oferte e demande servizos.*

Esta proposta de optimización persegue un dobre obxectivo:

- Por unha banda, que o Banco de Tempo de Monforte ofrezca determinados servizos aos socios/as (por exemplo coñecementos en novas tecnoloxías), e que demande a cambio outros, para que os usuarios/as poidan devolver dalgún xeito o tempo invertido e xerar un equilibrio neste tipo de intercambios (por exemplo colaborando na difusión ou na organización de actividades).
- Que o Banco de Tempo de Monforte, como entidade colectiva, intercambie tempo e polo tanto servizos con outras entidades (centros educativos, centros de maiores, entidades como Cáritas...) na busca de beneficios sociais comúns.

RESUMO DAS PROPOSTAS DE OPTIMIZACIÓN

1	<i>Apertura e enriquecemento do grupo de socios/as a través da difusión e a divulgación.</i>
2	<i>Realizar, de xeito periódico, un seguimento das visitas que ten o Blog do Banco de Tempo.</i>
3	<i>Realizar un repaso periódico dos intercambios realizados coas usuarias/os a través de fichas de seguimento</i>
4	<i>Facilitar o acceso ao catálogo de servizos dispoñible (servizos ofertados e demandados).</i>
5	<i>Realizar unha avaliación periódica do nivel de satisfacción dos socios/as.</i>
6	<i>Actualización, ampliación e revisión do actual regulamento interno do Banco de Tempo.</i>
7	<i>Completar a documentación oficial do Banco de Tempo coa elaboración dun documento complementario de autorización.</i>
8	<i>Manter os canles de información directos e potenciar o emprego doutras vías de comunicación.</i>
9	<i>Manter as actividades de grupo, dándolles maior visibilidade e continuidade.</i>
10	<i>Levar a cabo intercambios de tempo de xeito colectivo.</i>
11	<i>Favorecer a relación e o intercambio con outros Bancos de Tempo.</i>
12	<i>Converter ao propio Banco de Tempo nun socio/a que oferte e demande servizos</i>



2011



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

